



**Deputación  
DA CORUÑA**

SERVIZO DE ORZAMENTOS E ASISTENCIA  
ECONÓMICA A CONCELLOS  
SECCIÓN I

## **ASIGNACIÓNS AOS GRUPOS POLÍTICOS PROVINCIAIS**

**Base 58 de execución do Orzamento Provincial do exercicio 2025**

**GRUPO POLÍTICO PROVINCIAL PARTIDO POPULAR:**

1. **Resolución da Presidencia núm. 2600/2025, con data do 22/01/2025, que aproba o primeiro pago da asignación do exercicio 2025.**



## DEPUTACIÓN PROVINCIAL A CORUÑA

### PRESIDENCIA

**Expediente:** 2025000002623

## RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O PRIMEIRO PAGO DA ASIGNACIÓN DO EXERCICIO 2025 AO GRUPO POLÍTICO PROVINCIAL PARTIDO POPULAR.

**Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

### ANTECEDENTES

No Boletín oficial da provincia número 249 do 27 de decembro de 2024 publicouse o anuncio da aprobación definitiva do Orzamento xeral provincial para o exercicio 2025 e as bases para a súa execución.

A número 58 das bases de execución regula a asignación aos grupos políticos provinciais no desenvolvemento o previsto no artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local, fixa para o grupo político provincial PARTIDO POPULAR un importe semestral de **54.000,00 €** de conformidade co establecido no artigo 73.3 da Lei reguladora das bases de réxime local.

O grupo político provincial Partido Popular dispón do número de identificación fiscal, ten aberta unha conta bancaria a nome do grupo e baixo a devandito número de identificación fiscal.

Hai crédito orzamentario suficiente na aplicación 0000/91202/480 para atender a asignación provincial proposta, tal como se acredita no documento contable **RC 220250000243**.

En virtude dos antecedentes,

## **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Recoñecer unha obriga de pago na aplicación 0000/91202/480 e aprobar o aboamento da asignación correspondente ao primeiro pago do 2025, por un importe de **54.000,00 €** a prol do Grupo político provincial PARTIDO POPULAR (NIF: V70466776) e ingresalo na súa conta IBAN ES88 2080 0099 3930 4001 7216.

**SEGUNDO.-** O grupo provincial terá que levar unha contabilidade específica da asignación concedida que porá ao dispor do Pleno nos termos sinalados na base 58ª de execución do orzamento 2025.

**TERCEIRO.-** Os rexistros contables citados xunto coa acreditación dos movementos da conta bancaria e as fotocopias dos documentos dos gasto haberá que achegalos como xustificación do destino que se lle dou aos fondos librados anticipadamente como “pago a xustificar”, xunto co informe-memoria do responsable da contabilidade do grupo político provincial, tal e como se regula na base 58ª de execución do orzamento provincial.

**CUARTO:** O pago da asignación ten a natureza de pago a xustificar. Os pagos periódicos esixen a xustificación documental dos fondos recibidos no período anterior. En calquera caso, haberá unha xustificación dentro dos dez primeiros días do mes de decembro do exercicio e procederá, no seu caso, o reintegro dos fondos non aplicados á súa finalidade nesa data.

**QUINTO:** A dotación económica concedida poderase destinar ás clases de gastos establecidas na base 58ª de execución do orzamento.

**SEXTO:** Cada xustificación periódica será informada pola Intervención provincial e aprobada mediante resolución do Presidente.

**SÉPTIMO:** A documentación xustificativa dos pagos a os grupos políticos provinciais a súa tramitación publicarase no portal da transparencia da deputación co contido permitido pola lexislación vixente.

**OCTAVO:** Comunicar esta Resolución aos servizos administrativos provinciais relacionados coa materia obxecto da mesma.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recurrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poda exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.